


PERSOAL NON DOCENTE

Contestaron a enquisa 4 persoas de entre 44 e 60 anos, todas elas nadas en Galicia. O 50% delas aprendeu a falar en castelán e o 50% en castelán e galego. Na súa vida cotiá, o 100% di que predomina o uso do castelán. No ámbito da EOI, para o 75% predomina o uso do castelán cos compañeiros e compañeiras e un 25% fala galego e castelán por igual. Na atención ao alumnado e o público, para un 25% predomina o uso do galego, para outro 25% predomina o castelán e un 50% emprega o galego e o castelán por igual, como se aprecia nos seguintes gráficos:


5. Que lingua empregas habitualmente coas compañeiras e compañeiros da EOI?

4 respostas



6. En que lingua te dirixes habitualmente ao alumnado / público na EOI?

4 respostas



Con respecto ás súas competencias para empregar a lingua galega, o 25% responde que a súa capacidade para empregar a lingua galega na súa actividade laboral é alta, mentres que o 50% responde que é media, e un 25% responde que é baixa. Todas as persoas que participaron consideran que a súa capacidade para comprender a lingua galega oral e escrita é alta. Non obstante, só o 25% considera que a súa capacidade para falar e escribir a lingua galega é alta; o 75% restante considera que é media. O 75% opina que debería mellorar un pouco o seu nivel de lingua galega e o 25% opina que debería mellorar bastante.

No que se refire ás súas actitudes con respecto á lingua galega, o 75% está completamente ou bastante de acordo coa frase “O uso do galego polo persoal de administración e servizos da EOI dá prestixio e fomenta o uso do galego entre o alumnado”, mentres que para o 25% restante

esta cuestión é indiferente. O 75% tamén está completamente ou bastante de acordo coa frase “O galego pode servir para apoiar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira (por exemplo, para dar unha explicación cando non se pode empregar a lingua de estudo)”, pero o 25% restante manifesta estar bastante en desacordo. O 75% está completamente ou bastante de acordo con que na EOI deben realizarse actividades que teñan como obxectivo fomentar o uso do galego, mentres que para o restante 25% a cuestión é indiferente.

En canto á súa participación nas actividades organizadas polo EDLG, o 50% di participar algunhas veces e o outro 50% case nunca. Para o 50%, o principal motivo polo que non participan é a falta de tempo, mentres que un 25% manifesta que pensaba que as actividades eran só para o alumnado e o outro 25% di que non ten interese nas actividades extraescolares da EOI en xeral. Por último, tres das persoas que responderon consideran que o EDLG debería realizar actividades de conversa, debate e coñecemento histórico, social e cultural, xogos e charlas e unha persoa considera que xa se están a realizar as actividades correctas.


Tendo en conta estes datos, poderíamos concluír que o uso do galego entre o persoal non docente na EOI para dirixirse ao alumnado e ao público está equilibrado co uso do castelán. Na súa maioría, o persoal non docente conta cun nivel de lingua galega suficiente para desempeñar a súa actividade laboral en galego, aínda que parecen ter menos confianza nas destrezas de produción oral e escrita. Tamén parecen ter actitudes maioritariamente positivas en canto á realización de actividades para promover o uso da lingua galega, aínda que apenas participan nelas. Consideramos que o EDLG debe facer un esforzo para implicar máis ao persoal non docente nas súas actividades, dado que isto reforzaría a súa confianza no emprego da lingua galega e repercutiría positivamente no seu uso na EOI.

PERSOAL DOCENTE

Contestaron a enquisa 31 persoas de entre 31 e 60 anos. O 54,8% delas naceu en Galicia; o 9,7%, noutra comunidade e o 35,5%, nun país estranxeiro. O 41,9 % aprendeu a falar en castelán; o 12,9%, en galego; o 29%, nas dúas e o 16,1%, noutra lingua diferente. Na súa vida cotiá, o 6,5% só fala castelán; para o 35,5 % predomina o castelán; o 12,9% fala castelán e galego por igual; para o 25,8% predomina o galego; o 9,7% só fala galego e o 9,7% restante fala outras linguas. No ámbito da EOI, o 6,5% fala só castelán cos compañeiros e compañeiras; para un 29%, predomina o uso do castelán; o 25,8% fala castelán e galego por igual; para un 22,6% predomina o uso do galego e un 16,1% fala só galego, como se pode ver no seguinte gráfico:

5. Que lingua empregas habitualmente coas compañeiras e compañeiros da EOI? (cando non empregas a lingua que ensinas)


31 respostas



Para dirixirse ao alumnado cando non emprega a lingua que ensina, un 6,5% do profesorado faíno só en castelán; para un 32,3%, predomina o castelán; un 19,4% emprega o castelán e o galego por igual; para un 25,8% predomina o uso do galego e un 16,1% emprega só o galego, como vemos nestoutro gráfico:

6. En que lingua te dirixes habitualmente ao alumnado na EOI? (cando non empregas a lingua que ensinas)

31 respostas



Con respecto ás súas competencias para empregar a lingua galega, o 58,1% responde que a súa capacidade para empregar a lingua galega na súa actividade docente é alta, mentres que o 25,8% responde que é media, e un 16,1% responde que é baixa. A gran maioría das persoas que participaron consideran que a súa capacidade para comprender a lingua galega oral e escrita é alta. Só o 3,2% (1 persoa) considera que a súa capacidade para comprender a lingua galega oral é media e o 12,9% considera que a súa capacidade para comprender a lingua galega escrita é media, en lugar de alta. Non obstante, no que se refire á expresión oral en lingua galega, só o 63,3% considera que a súa capacidade é alta, mentres que o 16,7% considera que é media e o 20%, baixa. As cifras tamén varían no que se refire á expresión escrita lingua galega: só o 48,4% considera que ten unha capacidade alta; o 41,9% cualifícaa de media e o 9,7%, de baixa. Un 29% dos participantes manifestan que xa teñen un bo nivel de lingua galega, mentres que un 37,8% cren que deberían mellorar un pouco e un 22,6% pensan que deberían mellorar bastante. Un 9,7% considera que non debería mellorar o seu nivel de lingua galega porque non o necesita.

No que se refire ás súas actitudes con respecto á lingua galega, o 64,5% está completamente de acordo coa frase “O galego pode servir para apoiar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira (por exemplo, para dar unha explicación cando non se pode empregar a lingua de estudo)”;

o 29% está bastante de acordo e para o 6,5% restante (2 persoas) esta cuestión é indiferente. En canto á frase “O uso do galego polo profesorado dá prestixio e fomenta o uso do galego entre o alumnado” o 43,3% manifesta estar completamente de acordo e o 30%, bastante de acordo, pero para o 23,3% a cuestión é indiferente e o 3,3% (1 persoa) manifesta estar bastante en desacordo. O 54,8% está completamente de acordo con que na EOI deben realizarse actividades que teñan como obxectivo fomentar o uso do galego e outro 29% está bastante de acordo, mentres que para un 12,9% a cuestión é indiferente e un 3,2% (1 persoa) está completamente en desacordo.

En canto á súa implicación nas actividades organizadas polo EDLG, o 38,7% manifesta que sempre informa o alumnado sobre as actividades; o 51,6%, case sempre e o 9,7%, algunhas veces. Os motivos para non informar son moi variados, pero o 20% do profesorado que só informa algunhas veces indica que o seu alumnado non está interesado nas actividades extracurriculares da EOI en xeral e outro 20%, que descoñece as actividades que hai. En canto ás actividades que consideran que debería organizar o EDLG, recollemos a continuación os comentarios recibidos:

Actividades nas que todo o alumnado poida participar. Por exemplo, moito alumnado das Seccións non pode desprazarse á Sede central.

Calquera que motive ao uso da lingua

Actividades que animen o alumnado a usar a lingua en contextos reais

Creo que facedes moi bo traballo. Unhas actividades moi creativas e divertidas.

Actividades que fomenten o uso oral da lingua entre o alumnado e o profesorado.

Gústame moito as actividades que organiza o equipo de normalización. Asistiría máis se non me coincidise co horario de clase.

Lúdicas relacionadas coa lingua e a cultura

Algunha actividade de mediación lingüística que poña en contacto o galego coas linguas de estudo do alumnado (crear un folleto traducindo ou explicando aspectos da cultura galega, por exemplo).

Paréceme moi axeitado o deseño de actividades que hai.

Ocasións nas que poder falar de xeito natural

Creo que as que se organizan xa están moi ben. O que se está a facer, está xa moi ben.

Seguir na liña actual

Algunha actividade escrita (concurso relatos, blog, forum) e actividades orais a través de obradoiros ou actividades fóra da EOI

Fan moitas

Considero adecuadas as q organiza

Considero que fan un grande esforzo en organizar actividades variadas e moi creativas para o fomento da nosa lingua propia ;-)

Penso que as actividades que organizan están moi ben.

Estes datos confirman a heteroxeneidade da orixe do profesorado da EOI, do que máis do 45% naceu fóra de Galicia e o 58% aprendeu a falar en castelán ou noutra lingua. Obsérvase que o ambiente da EOI contribúe a aumentar o seu nivel de uso da lingua galega, dado que os datos indican que só o 35,5% do profesorado emprega só o galego ou predomina o galego na súa vida cotiá e un 12,9% emprega ambas linguas por igual. Estas porcentaxes soben ata o 42,7% e o 25,8% respectivamente cando o profesorado fala con compañeiros e compañeiras da EOI e ata o 41,9% e o 19,4% cando se dirixe ao alumnado. Na súa maioría, contan cun nivel de lingua galega suficiente para desempeñar a súa actividade docente en galego, dado que o 84% manifesta que a súa capacidade lingüística en galego é alta ou media, aínda que, como soe ser habitual, manifestan teren menos confianza nas súas habilidades de produción oral e escrita en galego. Tamén parecen ter actitudes maioritariamente positivas en canto á realización de


actividades para promover o uso da lingua galega e só menos dun 10% non informan o alumnado sempre ou case sempre. Consideramos que o EDLG debe aproveitar estas actitudes positivas e facer un esforzo para informar e implicar o persoal docente nas actividades, dado que isto pode resultar non só nunha maior participación do alumnado, senón tamén nun maior uso da lingua galega por parte do profesorado.

ALUMNADO

Contestaron a enquisa 114 persoas de entre 16 e 73 anos. O 71,1% delas naceu en Galicia; o 16,7%, noutra comunidade e o 12,3% nun país estranxeiro. O 49,91% aprendeu a falar en castelán; o 21,1%, en galego; o 24,6%, nas dúas e o 5,3% noutra lingua diferente. Na súa vida cotiá, o 19,3% só fala castelán; para o 36,8 % predomina o castelán; o 14,9% fala castelán e galego por igual; para o 14% predomina o galego e o 14,9% só fala galego. No ámbito da EOI, o 27,4% fala só castelán cos compañeiros e compañeiras; para un 30,1% predomina o uso do castelán; o 9,7% fala castelán e galego por igual; para un 12,4% predomina o uso do galego; un 18,6% fala só galego e un 1,8% fala outras linguas, como vemos no seguinte gráfico:

5. Que lingua empregas habitualmente coas compañeiras e compañeiros da EOI? (cando non empregas a lingua que estudas)


113 respostas



Para dirixirse ao profesorado cando non emprega a lingua que estuda, un 33% faino só en castelán; para un 18,7%, predomina o castelán; un 9,8% emprega o castelán e o galego por igual; para un 13,4% predomina o galego; un 21,4% emprega só o galego e un 3,6% emprega outras linguas, como vemos nestoutro gráfico:

6. En que lingua te dirixes habitualmente ao profesorado da EOI? (cando non empregas a lingua que estudas)

112 respostas



Con respecto ás súas competencias para empregar a lingua galega, o 87,7% do alumnado responde que a súa capacidade para comprender a lingua galega oral é alta, mentres que o 10,5% responde que é media, e só un 1,8% (2 persoas) responde que é baixa. No caso da comprensión escrita, o 81,6% considera que a súa capacidade para comprender a lingua galega escrita é alta; o 15,8%, media; o 1,8%, baixa e o 0,9%, moi baixa. No que se refire á expresión oral en lingua galega, só o 64,9% considera que a súa capacidade é alta, mentres que o 20,2% considera que é media, o 10,5% baixa e o 4,4%, moi baixa. As cifras tamén varían no que se refire á expresión escrita lingua galega: o 67,5% considera que ten unha capacidade alta; o 16,7% cualifícanas de media, o 10,5% de baixa e o 5,3% de moi baixa.

No que se refire ás súas actitudes con respecto á lingua galega, o 57% está completamente de acordo coa frase “O galego pode servir para apoiar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira (por exemplo, para dar unha explicación cando non se pode empregar a lingua de estudo)”;

o 25,4% está bastante de acordo e para o 10,5% restante esta cuestión é indiferente. O 3,5% dos participantes manifestan que están bastante en desacordo e outro 3,5%, completamente en desacordo. En canto á frase “Paréceme ben que o profesorado da EOI se dirixa a min en galego (cando non está a empregar a lingua que ensina)” o 75,4% manifesta estar completamente de acordo e o 7%, bastante de acordo, mentres que para o 10,5% a cuestión é indiferente. O 3,5% manifesta estar bastante en desacordo e outro 3,5%, completamente en desacordo. O 52,2% está completamente de acordo coa realización na EOI de actividades que teñan como obxectivo fomentar o uso do galego e o 23,9% está bastante de acordo, mentres que para un 20,4% a cuestión é indiferente. Un 1,8% está bastante en desacordo e outro 1,8%, totalmente en desacordo.

En canto á súa implicación nas actividades organizadas polo EDLG, só un 1,8% manifesta que participa sempre; o 16,7% participa ás veces, o 21,9% case nunca e o 59,6%, nunca. Os motivos para non participar son moi variados, pero o 56,9% do alumnado manifesta que non ten tempo e un 22,5% indica que non coñece as actividades que se organizan. O 4,9% indica que non está interesado nas actividades extracurriculares da EOI en xeral e o 10,8%, que non lle interesan as actividades en lingua galega. Outros motivos mencionados son o traballo ou o feito de non vivir en Ourense. En canto ás actividades que consideran que debería organizar o EDLG, recollamos a continuación os comentarios recibidos:

Actividades cooperativas en lingua galega.

Recitais, presentacións, música

As que fan xa son súper diversas e interesantes, dáme moita mágoa non ter o tempo necesario para poder asistir

*Xogos, actividades de lecer, vencelladas á EOI pero en galego.
 Recoller as palabras que se fan na zona e que conforman a nosa cultura.
 Todas serán benvidas.
 Conta contos en galego
 Club cine en galego e debates
 Actividades de animación á lectura
 Seguir cos relatos e actividades da nosa cultura galega
 Xogos interactivos ou actividades orais coma, storytelling ou role-play
 Conferencias
 Cine en galego na EOI
 Fomentar que todas as comunicacións oficiais e relacións alumnado/profesorado sexa en galego, salvo no momento da clase do idioma a estudar
 Conversa en galego para mellorar a calidade da lingua
 Creo que o futuro da lingua galega tamén depende da poboación que está chegando doutros países e dos seus fillos.
 Do arraigo coa lingua que sexamos quen de xerar, dependerán moitas das súas decisións futuras. Non entendo porque hai ELE e non hai Galego como Lingua Estranxeira na EOI!
 Cursos de galego para estranxeiros, roteiros pola cidade, grupos de conversa
 Máis actividades en lingua galega
 Calquera que fomente o emprego do galego entre os habitantes de Galicia.
 Clases sobre galego
 Xuntanzas para falar en galego
 Club de lectura en galego, contos en galego
 Algunhas xornadas ou eventos
 Uso político da lingua galega
 Audiovisuais en galego: proxeccións de películas ou documentais, obradoiro de dobraxe en galego, etc. Xogos en galego: de cartas, de mesa, en liña...
 Algunhas iniciativas poderían ser: un club de lectura en galego (ler un capítulo e reunirse cada semana), proxeccións de curtametraxes seguidas dun debate, charlas de autores/as (escritores/as, músicos...) da cidade ou da comunidade autónoma, concurso de microrrelatos, retos lingüísticos semanais (relacionados con vocabulario, expresións idiomáticas ou traducións), talleres de música ou baile tradicional (colaboración con escolas ou asociacións locais...)
 Conversas sobre diferentes temáticas
 Club de lectura, recuncho do falante
 Traer algunha persoa coñecida relacionada coa lingua
 Concursos
 Roteiros literarios pola cidade, Concursos literarios, Club de conversa ou debate, Club de lectura,
 Creación de textos, pancartas, folletos informativos, recollida de textos de escrita galega que se poidan transformar nun elemento creativo de expresión artística.
 Reunións para falar en galego con estranxeiros, unha comida....
 Facer actividades entre xente nova e máis vello
 Curso para a aprendizaxe da lingua galega
 Charlas de persoas relevantes na sociedade galega: cultura, deporte, gastronomía, economía, etc.
 Do mesmo xeito que xa as fai: aproveitando ocasións de renome para a cultura galega e así, realzar e animar ao uso da lingua galega.
 Promover grupos de galego -falantes
 Actividades dinámicas
 Quedar fóra da aula para falar soamente en galego, aínda que non se saiba, faise nestes momentos
 Teatro, concertos
 Calquera que poña en valor a lingua e a cultura galega, que anime a investigar, ler... por suposto falar... Non é doado, pero lembro con moito pracer a proposta que se fixo para descubrir a obra de Rosalía en diversos idiomas da comunidade educativa, por exemplo.*

Os datos obtidos confirman a heteroxeneidade do alumnado da EOI, do que case o 30% naceu fóra de Galicia e máis do 55% aprendeu a falar en castelán ou noutra lingua. Aínda que non tanto coma no caso do profesorado, obsérvase que o ambiente da EOI contribúe lixeiramente a aumentar o seu nivel de uso da lingua galega. Os datos indican que só algo menos do 30% do alumnado se expresa só en galego ou maioritariamente en galego na súa vida cotiá. Esta porcentaxe mantense practicamente igual cando o alumnado se relaciona cos compañeiros e compañeiras da EOI, pero sobe ata o 35% cando se dirixe ao profesorado. Isto confirma a importancia do papel do profesorado na promoción da lingua galega e indica unha vez máis

que o EDLG ten que esforzarse por implicar cada vez máis este sector da comunidade educativa.

En canto ás competencias do alumnado, máis do 80% manifesta que a súa capacidade para comprender a lingua galega oral e escrita é alta. Aínda que, como soe ser habitual, manifestan teren menos confianza nas súas habilidades de produción oral e escrita en galego, a porcentaxe da alumnado que considera que as súas capacidades son altas ou medias tamén supera o 80%. Cabe supoñer que as pequenas porcentaxes de alumnado que manifestan teren competencias baixas ou moi baixas corresponden a alumnado de orixe estranxeira que non cursou estudos no sistema educativo galego.

Arredor do 80% do alumnado parece ter actitudes maioritariamente positivas en canto ao uso do galego por parte do profesorado e o 76% está moi ou bastante de acordo coa realización de actividades para promover o uso da lingua galega na EOI. Non obstante, só unha porcentaxe pequena (menos do 20%) participa nas actividades do EDLG sempre ou ás veces, por diversos motivos. Resulta sorprendente que un dos principais motivos sexa o descoñecemento das actividades que se realizan, como indica o 22,5% do alumnado. Os comentarios recibidos sobre as actividades que debería realizar o EDLG confirman ese descoñecemento, dado que moitas das actividades suxeridas (club de conversa, club de lectura, charlas, concursos, roteiros, xogos, etc.) xa se están a realizar. O EDLG esfórzase en dar publicidade a estas actividades a través de anuncios no taboleiro de actividades da EOI, na páxina web, no blog do EDLG e nas redes sociais. Tamén se envían puntualmente mensaxes ao profesorado para que transmita a información ao alumnado. Consideramos que esta vía é a máis efectiva, sobre todo tendo en conta, como se viu anteriormente, que o profesorado ten influencia sobre os hábitos lingüísticos do alumnado. Polo tanto, resulta prioritario implicar o profesorado e contar coa súa colaboración para difundir información sobre as actividades do EDLG entre o alumnado e fomentar unha maior participación.